



Tarefa final: unha presentación formal sobre o feísmo arquitectónico, as súas causas e posibles solucións

obxectivos

Familiarización con algúns aspectos da historia e actualidade de Galicia

Recoñecer información específica en declaracións

Realizar presentacións claras e detalladas sobre temas diversos

Coñecer a linguaxe do cómic

1. Mira este vídeo (feismo.avi) coa túa parella e contestade as seguintes preguntas:

- Onde cres que se fixeron as fotos?
- De que pensas que fala o vídeo? En caso de que non o saibas, pregúntalle ao profesor ou á profesora.
- Sabes o que quere dicir feísmo?
- Pasa algo semellante no teu país? Explícao.

2. Imos poñelo en común e tentar chegar a unha definición, na que todos esteamos de acordo, da palabra feísmo.

3. O feísmo é un fenómeno que non se limita a Galicia, pero na comunidade autónoma hai unha serie de causas que fan máis doado que apareza. Traballando coa túa parella, tenta facer unha lista das causas que poden provocar a desorde nas construcións.

4. Pero as construcións feas non son as únicas que hai en Galicia. Tamén hai outras construcións tradicionais que pode ser que coñezas. Emparella os nomes das construcións coa súa foto e a súa definición:

Nomes:

Hórreo

Muíño

Peto de ánimas

Pazo

Palloza

Casa labrega

Cruceiro

Vivenda mariñeira

Fotos:

1



5



2



6



3



7



4



8



Definicións:

A. Cruces de pedra que se colocan en lugares, como son as interseccións de camiños, adros de igrexas, ermidas ou incluso en entradas a cemiterios, sempre en relación con lugares de culto.

B. Tanto a súa dimensión como a iconografía son variadas, polo que é difícil establecer unha morfloxía xeral, aínda que si se pode indicar que o corpo central do peto está composto por unha cavidade na que, normalmente, se representan as ánimas no purgatorio –en relevo, pintura...– e un peto ou unha hucha para botar as esmolas.

C. Unha das construcións típicas de Galicia e complementarias da vivenda rural. Está destinada a gardar o millo e outros froitos. A súa forma e o seu nome varía dunhas comarcas a outras, aínda que todos cumpren as condicións fundamentais de ventilación para o secado do gran e de defensa contra os roedores.

D. É unha máquina que utiliza a forza da auga do río para moer o gran. Para iso, move dúas grandes pedras e, no medio, o gran; estas grandes pedras son capaces de converter o gran en fariña, sexa de centeo, trigo ou millo.

E. Típicas da zona dos Ancares (provincia de Lugo), son construcións circulares ou elípticas, realizadas en pedra, madeira e palla de centeo (colmo), destinadas a vivenda, corte e almacén. Son das máis primitivas vivendas de Europa e datan das épocas prerromanas.

F. Adoita ter paredes de gran grosor, construídas con pedras de distintas formas e tamaños. Normalmente ten forma irregular, debido a que as condicións propias do lugar sobre o que se asenta condicionaron a súa construción e a que experimentou ampliacións ao longo dos anos, para acomodarse ás necesidades. A planta baixa está ocupada polo patio, as cortes, o galiñeiro, algún palleiro, o depósito de apeiros e, en moitas

ocasiões, tamén aparece a lareira. Na planta alta sitúanse os cuartos, a cociña de ferro, a despensa, as salas, a galería e o corredor. Moitas das dependencias dispoñen de despensas labradas nas paredes para gardar aparellos.

G. Son as casas situadas en poboacións costeiras na zona das rías galegas, nas provincias de Pontevedra e da Coruña. Son estreitas construcións de dúas plantas en cuxos baixos hai soportais e locais para gardar os aparellos de pesca. Na planta alta está a vivenda con galerías de cristal, corredores de madeira ou patíns de cantería.

H. Casa de liñaxe galega, situada no campo, de maior tamaño e ostentación que a casa labrega. Algúns pazos son señoriais e suntuosos, debido a que pertenceron á nobreza galega, mentres que outros son máis rústicos e corresponden a acomodadas familias agrarias.

5. O feísmo é un fenómeno co que algunha xente está moi concienciada en Galicia. O Colexio de Arquitectos, por exemplo, ten toda unha serie de materiais que falan del, agrupados no Proxecto Terra. Entre estes materiais está un cómic do coñecido debuxante coruñés Miguelanxo Prado, do que che vai entregar unha copia o profesor. Imos traballar con el.

En primeiro lugar, le o cómic, mentres vas anotando as seguintes cousas:

- A. As palabras que descoñezas.
- B. Os exemplos que vexas, nos debuxos, de feísmo.
- C. Os exemplos que vexas, nos debuxos, de construcións tradicionais galegas.

Agora compara as palabras do punto A coa túa parella. Axudádevos coas palabras descoñecidas. Se ninguén as sabe, usade o dicionario.

Compara tamén as construcións tradicionais do punto C e os exemplos de feísmo do punto B coa túa parella.

6. Agora imos poñer os resultados en común co resto da clase. Debemos estar todos e todas de acordo nos casos do punto B (construcións feístas) e C (construcións tradicionais galegas). En caso de que haxa diferenzas, cada unha das posturas debe apoiarse en razóns e, en último caso, votar e decidilo por maioría.

7. Prepara unha pequena exposición oral na que se faga un pequeno percorrido sobre o feísmo, as súas causas e posibles actuacións para remedialo. Debe ter unha extensión de cinco minutos como mínimo, con outros

dous dedicados a responder preguntas do resto da clase e do profesor. Podes usar calquera elemento que creas necesario para apoiar a túa exposición (fotos, pósteres, vídeo, presentacións etc.), pero o tempo de discurso non debe baixar de cinco minutos.



Guía para o profesor

Definición para o profesor ou profesora, **actividade 2**:

Feísmo é un termo informal e ambiguo, propio do urbanismo e da arquitectura de Galicia, empregado para caracterizar certo estilo construtivo do medio urbano e, especialmente, do medio rural galego. O feísmo non é tanto unha escola artística ou unha tendencia estética, senón un concepto recente que describe un conxunto máis ou menos uniforme de usos e solucións arquitectónicas localizadas na Comunidade Autónoma de Galicia desde os anos sesenta. En realidade, co termo feísmo faise referencia á percepción individual e subxectiva sobre materia

urbanística, ambiental, paisaxística e social. A súa localización é xenuinamente galega dentro de España e posiblemente de Europa, pois os promotores do termo expoñen que o fenómeno termina xusto na fronteira con Asturias, León e Portugal. Fenómenos parecidos danse en Canarias e nas cidades de América Latina.

Listaxe de causas, para o profesor ou profesora, **actividade 3**:

As causas do feísmo, e nisto consiste a súa peculiaridade, non deben buscarse na pobreza, na necesidade ou na crise económica, senón máis ben ao contrario. Algúns exemplos de feísmo son construcións de gran custo económico. De feito, o feísmo comezou a estenderse co despegue industrial galego dos anos sesenta. En realidade obedece, segundo os expertos, a unha confluencia peculiar de factores, que se sintetizan nos seguintes elementos:

Unha taxa de dispersión demográfica elevada, unida a un elevado número de poboacións (Galicia contén un 50% dos entes de poboación de España, que ocupan só o 5,8% da súa superficie) e a un destacado peso do asentamento rural. Todo iso dificulta o control urbanístico eficaz, ao que se suma a tradición galega da autopromoción construtiva, a construción sen plano e a edificación por tempada.

Unha lexislación urbanística imprecisa e errática que, ademais, non se cumpre, tal e como sinala o arquitecto Carlos Quintáns Eiras.

A longa serie de ciclos migratorios galegos, que nos últimos cincuenta anos se dirixiron a Europa e á propia Península Ibérica. Calcúlase, sobre unha poboación residente de 2,8 millóns de galegos, que polo menos 3 millóns máis de galegos viven fóra de Galicia. O retorno dalgúns emigrantes supón a introdución de modelos arquitectónicos foráneos.

Doutra banda, o asentamento definitivo doutros emigrantes no estranxeiro supón o abandono de edificacións xa existentes e ata de poboacións enteiras. Diversas circunstancias sociolóxicas explican a ostentación de certas construcións (nadas da figura do indiano enriquecido) e o exótico das súas ornamentacións e acabados, que se sitúan xunto a edificacións antigas e abandonadas.

Unha forte especulación urbanística e do chan, propia non xa de Galicia senón de toda España. Aínda que a construción en España rexistra taxas esaxeradamente altas (só no ano 2004 construíronse ao redor de 500.000 vivendas, máis que Alemaña, Italia e Francia xuntas, mentres que no ano 2006 superaron as 800.000; véxase "Burbulla inmobiliaria"), o ritmo construtivo galego é desmesurado, tendo en conta que a súa poboación diminúe de ano en ano. Aínda así, o arquitecto Carlos Quintáns Eiras estima que de 750.000 vivendas en 1970 pasouse, en Galicia, a 1.130.000 no ano 2000, unha cifra que contrasta co feito de que ese período foi de recesión demográfica.

Unha estendida falta de interese pola arquitectura tradicional galega, percibida como anticuada por algúns sectores da poboación, o que redunda na introdución de solucións arquitectónicas foráneas ou simplemente inadaptadas á contorna, que contrasta coa política urbanística europea, segundo a cal se constrúe case exclusivamente un único tipo de vivenda illada no medio rural con lixeiras variacións de tamaño, cor ou acabados, de tal xeito que pode falarse dun modelo nacional ou rexional que case todos respectan.

Material complementario:

As definicións adxuntas e o cómic *A mansión dos Pampín* están tomadas da páxina web do proxecto terra, do COAG.

O vídeo está tirado da web sobre feísmo do Consello da Cultura Galega.

As definicións e fotos sobre construcións tradicionais galegas están tiradas da web: fillos.org.

Data:

Lugar:

Nome do curso:

1. Cousas nas que mellorei nesta unidade:

	Que	Como
Palabras novas		
Expresións novas		
Novas cousas que podo facer en galego		
Coñecementos gramaticais		
Cousas sobre Galicia		
Outras cousas		

2. Do que fixen, que vou gardar no meu cartafol?